

2018-2023

SINISTRALIDADE LABORAL

TRASTORNOS MUSCULOESQUELÉTICOS

GALICIA



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

Autor: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga)

Edita: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga)
issga.xunta.gal

Santiago de Compostela, maio 2026

Equipo técnico: César André Rivas

2018-2023

SINISTRALIDADE LABORAL

TRASTORNOS

MUSCULOESQUELÉTICOS

GALICIA

Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga)

Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	8
Fontes de información.....	8
Accidentes de traballo.....	8
Enfermidades profesionais.....	9
Patoloxías non traumáticas causadas polo traballo.....	9
2. METODOLOXÍA.....	11
Accidentes de traballo.....	11
Enfermidades profesionais.....	11
Índice de incidencia.....	11
Patoloxías non traumáticas causadas polo traballo.....	11
3. RESUMO DE DATOS.....	13
Accidentes laborais ocorridos en xornada de traballo.....	13
Enfermidades profesionais.....	14
Variación interanual.....	14
Índices de incidencia.....	14
Patoloxías non traumáticas causadas polo traballo.....	15
4. CONCLUSIÓN.....	17
5. ACCIDENTES DE TRABALLO.....	19
EN XORNADA DE TRABALLO POR SECTORES DE ACTIVIDADE.....	21
EN XORNADA DE TRABALLO POR PROVINCIAS.....	22
EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO A PARTE DO CORPO LESIONADA.....	23
EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO A HORA DO TRABALLO.....	24
EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO DÍA DA SEMANA.....	25
EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO IDADE.....	26
EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO A ANTIGÜIDADE NO POSTO DE TRABALLO.....	27
EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO CATEGORÍA PROFESIONAL.....	28
EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO A SECCIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS.....	29
EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO A DIVISIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS.....	30
A CORUÑA. SEGUNDO A SECCIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS.....	33
LUGO. SEGUNDO A SECCIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS.....	35
OURENSE. SEGUNDO A SECCIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS.....	37

PONTEVEDRA. SEGUNDO A SECCIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS.....	39
6. ENFERMIDADES PROFESIONAIS.....	41
ENFERMIDADES PROFESIONAIS SEGUNDO O SEXO.....	43
POR PROVINCIA.....	44
POR SECTORES DE ACTIVIDADE.....	44
SEGUNDO OS ESTRATOS DE IDADE.....	45
SEGUNDO O AXENTE DAS ENFERMIDADES PROFESIONAIS E SEXO.....	46
SEGUNDO O SUBAXENTE DAS ENFERMIDADES PROFESIONAIS E SEXO.....	47
SEGUNDO O AXENTE DAS ENFERMIDADES PROFESIONAIS, PROVINCIA E SEXO.....	48
SEGUNDO O SUBAXENTE DAS ENFERMIDADES PROFESIONAIS, PROVINCIA E SEXO.....	49
SEGUNDO O AXENTE DAS ENFERMIDADES PROFESIONAIS CON BAIXA, SECTOR DE ACTIVIDADE E SEXO.....	50
SEGUNDO O SUBAXENTE DAS ENFERMIDADES PROFESIONAIS CON BAIXA, SECTOR DE ACTIVIDADE E SEXO.....	51
SEGUNDO A SECCIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS E SEXO.....	52
SEGUNDO A DIVISIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS.....	53
7. VARIACIÓN INTERNANUAL.....	55
GALICIA 2018-2023 ACCIDENTES LABORAIS CON BAIXA EN XORNADA DE TRABALLO.....	57
GALICIA 2018-2023 ENFERMIDADES PROFESIONAIS CON BAIXA EN XORNADA DE TRABALLO.....	58
8. ÍNDICES DE INCIDENCIA.....	59
ÍNDICE DE INCIDENCIA POR SECTORES. GALICIA.....	61
<i>Índice de Incidencia de accidentes de traballo por sectores e ano.....</i>	<i>62</i>
<i>Índice de Incidencia de accidentes de traballo por división das actividades económicas e ano.....</i>	<i>64</i>
<i>Índice de Incidencia de enfermidades profesionais por sectores e ano.....</i>	<i>66</i>
<i>Índice de Incidencia de enfermidades profesionais por división das actividades económicas e ano.....</i>	<i>68</i>
ÍNDICE DE INCIDENCIA POR SECTORES. A CORUÑA.....	70
<i>Índice de Incidencia de accidentes de traballo por sectores e ano.....</i>	<i>70</i>
<i>Índice de Incidencia de enfermidades profesionais por sectores e ano.....</i>	<i>71</i>
ÍNDICE DE INCIDENCIA POR SECTORES. LUGO.....	72
<i>Índice de Incidencia de accidentes de traballo por sectores e ano.....</i>	<i>72</i>
<i>Índice de Incidencia de enfermidades profesionais por sectores e ano.....</i>	<i>73</i>
ÍNDICE DE INCIDENCIA POR SECTORES. OURENSE.....	74
<i>Índice de Incidencia de accidentes de traballo por sectores e ano.....</i>	<i>74</i>
<i>Índice de Incidencia de enfermidades profesionais por sectores e ano.....</i>	<i>75</i>
ÍNDICE DE INCIDENCIA POR SECTORES. PONTEVEDRA.....	76
<i>Índice de Incidencia de accidentes de traballo por sectores e ano.....</i>	<i>76</i>
<i>Índice de Incidencia de enfermidades profesionais por sectores e ano.....</i>	<i>77</i>

9. PATOLOXÍAS NON TRAUMÁTICAS CAUSADAS POLO TRABALLO.....79
 POR PROVINCIA.....81
 SEGUNDO O TIPO DE PATOLOXÍA E SEXO.....82
 SEGUNDO O TIPO DE PATOLOXÍA POR PROVINCIAS.....83
 SEGUNDO A ACTIVIDADES ECONÓMICAS E PROVINCIAS.....84

1. INTRODUCCIÓN

Un sobreesfuerzo físico, é aquel que se realiza por enriba da capacidade física normal dunha persoa determinada ao facer unha tarefa.

Os sobreesforzos físicos derivan no que se denomina "Trastornos Músculo-Esqueléticos" (TME). Os TME son alteracións de máis ou menos gravidade, que abarcan dende incomodidade, molestias ou dores ata cadros médicos máis graves que obrigan a solicitar a baixa laboral e mesmo a recibir tratamento médico. Poden afectar os músculos, articulacións, tendóns, ligamentos, ósos e nervios do corpo, xeralmente, das costas, extremidades superiores e inferiores.

A maior parte dos TME de orixe laboral vanse desenvolvendo co tempo e son provocados polo propio traballo ou pola contorna no que este leva a cabo. Tamén poden ser resultado de accidentes, por exemplo, fracturas e dislocacións.

Así pois, de acordo con isto último, unha parte dos TME que se orixinan no noso país ímolos atopar rexistrados como accidentes causados por sobreesforzos. Con todo, non están todos os TME, senón que, hai outra parte, que aparecen como enfermidades profesionais. Pero, aínda que o Cadro de Enfermidades Profesionais recolle algúns TME, ou mellor, algunhas enfermidades osteomioarticulares ou anxioneuróticas, como as tendinites ou a síndrome do túnel do carpo, non se inclúen trastornos tan frecuentes como as lumbalxias ou as dorsalxias ou outras afeccións das costas.

Os factores que habitualmente se considera que son causantes deste tipo de lesións son: a manipulación manual de cargas

pesadas (de forma non axeitada, postural ou sen medios adecuados); traballar nunha postura forzada (o que pode provocar danos por torsión ou por momento de forza); movementos repetitivos e vibracións mecánicas (que por acumulación de pequenos danos, musculares, articulares ou óseos poden provocar danos maiores); movementos bruscos e posicións incorrectas de extremidades que provoquen elevadas tensións ou compresións sobre músculos nervios e ligamentos.

Fontes de información

Esta publicación elaborouse coa información obtida dos partes de accidentes de traballo, enfermidades profesionais e enfermidades relacionadas co traballo notificadas á autoridade laboral galega mediante os sistemas Delt@ (Declaración electrónica de traballadores accidentados), CEPROSS (Comunicación de enfermidades profesionais na Seguridade Social) e PANOTRATSS (Patoloxías non traumáticas) do persoal traballador afiliado á Seguridade Social que teña cubertas as ditas continxencias.

Accidentes de traballo

Na Orde TAS/2926/2002, do 19 de novembro, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, establécese que a comunicación de partes de accidentes de traballo debe realizarse por medios electrónicos a través dunha aplicación informática denominada Delt@.

Os accidentes de traballo poden, ou non, producir a baixa laboral do persoal traballador. Estes accidentes poden ocorrer durante a xornada de traballo (no propio centro, noutro centro ou en desprazamentos), ou ben, ao ir ou volver do traballo, denominándose nestes casos accidentes *in itinere*.

Neste documento realízase a elaboración estatística sobre os

accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, non incluíndo os accidentes *in itinere*.

A explotación realízase sobre os accidentes clasificados como sobreesforzo físico - sobre o sistema musculoesquelético, e segundo algunhas das variables incorporadas no parte de accidente de traballo: sectores de actividade, parte do corpo lesionada, sexo, idade, antigüidade no posto de traballo, provincia, día da semana, etc. Con todo o anterior, faise unha caracterización atendendo aos múltiples aspectos do accidente laboral.

Enfermidades profesionais

Na Orde TAS/1/2007, do 2 de xaneiro, establécese dende o 1 de xaneiro de 2007 que as enfermidades profesionais (EP) se tramitan por medios electrónicos, a través da aplicación informática CEPROSS. A Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social será a responsable da administración da aplicación.

A dita unidade directiva pon á disposición da autoridade laboral uns arquivos coas enfermidades profesionais que corresponden a Galicia. Cos datos recibidos elabórase a información estatística relativa ás enfermidades profesionais contida nesta monografía anual.

Concretamente neste estudo inclúense as EP relacionadas con:

- Enfermidades osteoarticulares ou anxineuróticas provocadas polas vibracións mecánicas

- Das bolsas serosas debidas á presión, celulite subcutáneas
- Fatiga e inflamación de vainas tendinosas, tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas
- Arrancamento por fatiga da apófise espiñenta
- Parálise dos nervios debidos á presión
- Lesións do menisco por mecanismos de arranque e compresión asociadas, dando lugar a fisuras ou roturas completas

Patoloxías non traumáticas causadas polo traballo

O sistema PANOTRATSS deseñouse co obxectivo de comunicar as patoloxías non traumáticas causadas ou agravadas polo traballo, de acordo co artigo 156.2e) e 156.2f) do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social. Esta base de datos recollerá as enfermidades non incluídas na lista de enfermidades profesionais que contraia o traballador con motivo da realización do seu traballo, sempre que se probe que a enfermidade tivo por causa exclusiva a execución deste.

Tamén conterà as enfermidades ou defectos, padecidos con anterioridade polo traballador, que se agraven como consecuencia da lesión constitutiva do accidente. O contido do ficheiro está declarado na disposición adicional terceira da Orde TIN 1448/2010, do 2 de xuño.

2. METODOLOXÍA

Accidentes de traballo

Período de cómputo: os partes contabilizados nesta monografía son os que se validaron á data de extracción, no sistema Delt@ do Ministerio de Traballo e Economía Social, segundo o indicado na epígrafe *Período de referencia* do *Informe metodológico estandarizado de la Estadística de Accidentes de Trabajo (ATR)* do dito ministerio. Os datos dos accidentes sen baixa son obtidos do RESL do Delt@ pola data da relación segundo o sector de actividade correspondentes á actividade económica e á provincia.

Distribución territorial: utilízase a provincia que recibe o parte, que se corresponde coa provincia do centro de traballo onde está dado de alta o persoal traballador accidentado na Seguridade Social.

Distribución por sector de actividade: tense en conta o código CNAE-2009 do centro onde o traballador esta dado de alta na Seguridade Social (segundo o novo criterio das estatísticas laborais do Ministerio). CNAE: Clasificación nacional de actividades económicas.

Ocupación: para a desagregación por ocupacións utilízase a Clasificación nacional de ocupacións (CNO) de 2011.

Enfermedades profesionais

Os partes comunicados a través do sistema CEPROSS corresponden ás enfermidades que tiveron data de diagnóstico e/ou baixa laboral a partir do 01/01/2018 ata o 31/12/2023, aínda que se traten de recaídas de procesos anteriores a esta.

Índice de incidencia

O índice de sinistralidade utilizado é o índice de incidencia, que representa o número de accidentes con baixa ocorridos durante a xornada de traballo por cada cen mil traballadores e traballadoras. Obtense da seguinte forma: o numerador do cociente correspóndese cos accidentes en xornada de traballo con baixa, e o denominador é a media anual das persoas traballadoras afiliadas a distintos réximes da Seguridade Social que teñan cuberta a continxencia de accidente de traballo.

Patoloxías non traumáticas causadas polo traballo

Os datos das patoloxías non traumáticas causadas ou agravadas polo traballo corresponden aos expedientes comunicados a través do sistema PANOTRATSS en Galicia entre os anos 2018 e 2023; estes datos son facilitados pola Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social.

3. RESUMO DE DATOS

Entre os anos 2018 e 2023 rexistráronse na Comunidade Autónoma de Galicia un total de 55.554 accidentes laborais por sobreesforzo físico con baixa durante a xornada laboral. Destes accidentes laborais en xornada, 38.961 (o 70,13%) corresponderon a homes, e 16.593 (o 29,87%) a mulleres.

Accidentes laborais ocorridos en xornada de traballo

Atendendo á gravidade dos sinistros en xornada de traballo, dos 55.554 rexistrados no intervalo 2018-2023, 55.450 (99,8%) foron leves, e 104 (0,2%) graves.

Polo que respecta á distribución provincial dos accidentes con baixa en xornada de traballo, A Coruña é a que rexistra un maior número de accidentes, un total de 24.510, que representan un 44,12% dos rexistrados en Galicia, seguida de Pontevedra, que contabiliza 20.015 accidentes, o 36,03% do total. En Ourense rexistráronse 5.743 accidentes (10,34%), e en Lugo producíronse 5.286 (9,51%).

As proporcións entre os homes e as mulleres accidentados foron: A Coruña, 2,42, Lugo, 1,87, Ourense, 2,10 e Pontevedra, 2,50, cunha media en Galicia de 2,35.

O sector Servizos concentra o 54,45% destas baixas, seguido da Industria co 25,19%. Por sección da actividade económica, a Industria Manufactureira ten o 22,88% das baixas, seguido da Construción (15,16%) e Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas (13,49%).

Nun análise pola división das actividades económicas, temos que dentro da Industria Manufactureira as actividades que máis baixas acumulan son a Industria da alimentación, bebidas e tabaco (5,29%), a Metalurxia e fabricación de produtos metálicos (4,75%) e a Fabricación de material de transporte (3,53%).

Por categorías profesionais a de Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción ten o 32,10% das baixas, seguido das categorías de Ocupacións elementais (24,89%) e de Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores (19,84%).

O 52,69% das baixas ocorren nas tres primeiras horas da xornada.

Neste tramo temporal analizado, a parte do corpo que acumula máis baixas é a das extremidades inferiores e pes (33,72%), seguida moi de preto por as extremidades superiores e as mans (30,68%) e o lombo (28,61%). No caso das extremidades inferiores, no 67,93% dos casos as persoas estaban en movemento¹ no momento do accidente. No caso das extremidades superiores, no 68,34% dos casos as persoas estaban manipulando obxectos ou realizando transporte manual. E nos accidentes con afectación na zona do lombo, no 76,59% dos casos as persoas estaban manipulando obxectos ou realizando transporte manual.

¹ non hai utilización de ferramentas, nin manipulación nin transporte de obxecto algún

Enfermidades profesionais

Entre os anos 2018 e 2023 rexistráronse en Galicia 8.478 enfermidades profesionais (o 58,52% causaron baixa), das cales 4.600 foron en homes, o 54,26%, e 3.878 en mulleres, o 45,74%.

O maior número de enfermidades profesionais declaradas correspondeu ao Grupo 2, as causadas por axentes físicos. As enfermidades profesionais por motivos osteomioarticulares (axentes 2B, 2C, 2D, 2E, 2F, 2G), supoñen o 73,19% sobre o total, delas 3.194 corresponderon a homes e 3.013 a mulleres.

Nas enfermidades con baixa por motivos osteomioarticular, por sectores de actividade, a Industria contabiliza o maior número delas: 1.695 enfermidades, o 46,72%, seguido do sector Servizos con 1.444 enfermidades, o 39,80%. Por sección da actividade económica, a Industria Manufactureira ten o 45,73% destas enfermidades, seguido do Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas (18,19%) e da Construción (9,07%).

Analizando pola división das actividades económicas, temos que dentro da Industria Manufactureira as actividades que máis enfermidades osteomioarticulares acumulan son: Procesado e conservación de carne (6,31%), Fabricación de vehículos de motor (5,54%) e Fabricación de outros compoñentes, pezas e accesorios para vehículos de motor (4,88%), e no comercio, a actividade de Comercio polo miúdo en establecementos non especializados, con predominio en produtos alimenticios, bebidas e tabaco acumula o 11,52% destas baixas.

En canto á súa distribución provincial, é Pontevedra a que rexistra as cifras máis elevadas, con 1.858 enfermidades con baixa por motivos osteomioarticular, o 51,21%.

Variación interanual

Móstrase a evolución nos accidentes laborais por sobreesforzo físico con baixa en xornada de traballo rexistrados en Galicia, e das enfermidades profesionais osteomioarticulares con baixa no período 2013-2023.

Segundo esta, no ano 2023 produciuse unha diminución interanual acumulada do 19,68% dos accidentes declarados respecto ao ano 2018.

Respecto a evolución das enfermidades profesionais, no ano 2023 produciuse un incremento acumulado do 1,39% das enfermidades profesionais declaradas respecto ao ano 2018.

Índices de incidencia

O índice de incidencia reflicte que en Galicia os accidentes laborais e as enfermidades profesionais relacionados con factores musculoesqueléticos son inferiores nos últimos anos do rango de análise respecto aos primeiros anos do mesmo.

Esta evolución dos índices é similar para todos os sectores.

O sector con índices máis elevados no global de Galicia é a Industria, que en 2023 acumulou 1.655 baixas por accidente de traballo e 186 por enfermidade profesional, por cada 100.000 persoas traballadoras afiliadas á Seguridade Social coas continxencias profesionais cubertas.

A incidencia dos accidentes é maior nos homes que nas mulleres, de cada 100.000 homes traballadores, no ano 2023, 1.120 sufriron accidentes por sobreesforzo físico, mentres que nas traballadoras, o cómputo foi de 484 por cada 100.000 traballadoras. Por sectores, os datos máis altos pertencen os homes no sector da Industria (1.936 no ano 2023), seguido moi

preto dos índices alcanzados tamén por os homes no sector da Construción (1.673 no ano 2023).

A incidencia das enfermidades profesionais por sexo é mais parella no total dos casos. En cambio, por sectores hai máis diferenzas, onde os datos máis altos pertencen as mulleres no sector da Pesca e da Industria (243 y 226, respectivamente no ano 2023). Na análise por división económica tamén se atópan diferencias significativas por sexo.

Patoloxías non traumáticas causadas polo traballo

Entre os anos 2018 e 2023 rexistráronse en Galicia 699 comunicacións de patoloxías non traumáticas con baixa, 463 foron en homes, o 66,24%; e 236, o 33,76%, en mulleres. Do total, 510, o 72,96%, corresponden ás causadas polo traballo.

Neste estudo centraremos nas patoloxías comunicadas baixo o código 13 de "enfermidades do aparello locomotor", entre as que podemos atopar as seguintes enfermidades:

- c. Enfermidades da columna vertebral e das costas
- e. Osteopatías e condropatías

- n. Outras enfermidades do aparello locomotor.

Entre os anos 2018 e 2023 comunicáronse 487, o 69,67%, sendo as patoloxías máis frecuentes entre todas as comunicadas. Entre estas patoloxías comunicadas, o 65,09% pertencen a homes e o 34,91% a mulleres.

Por provincias, A Coruña é a que rexistra as cifras máis elevadas, con 205 patoloxías comunicadas con baixa por código 13, o 42,09%.

O 52,36% das patoloxías do aparello locomotor están asociadas a columna vertebral e as costas.

A industria manufactureira é a sección de actividade económica que máis partes acumula por esta causa, o 27,31%, seguida das actividades administrativas e servizos auxiliares co 12,32%.

4. CONCLUSIÓN

Entre os anos 2018 e 2023, os accidentes laborais por sobreesforzo físico con baixa en Galicia supuxeron unha media do 31,79% do total dos accidentes. Inda que a porcentaxe relativa destes accidentes foi diminuindo dende o 35,81% do 2018 ata o 29,17% no 2023, continúa a ser unha das formas de accidente que máis partes concentra.

De media, neste período notificáronse 15,34 partes de AT por cada parte de EP (en ambos casos relacionados coas tipoloxías de lexión recollidas neste informe).

No caso das enfermidades profesionais, as declaradas na provincia de Pontevedra supoñen un porcentaxe moito máis alto cas declaradas na provincia da Coruña, sendo esta última a provincia con máis poboación total afiliada de Galicia, e a que acumula máis persoal afiliado no sumatorio dos sectores de Industria e Servizos. As diferencias máis significativas nestas comunicacións están relacionadas co sector Industrial, con 623 partes comunicados máis en Pontevedra que na Coruña (case 3 veces mais). Na busca diferencial por CNAE as diferenzas máis numerosas entre estas provincias a favor dos partes comunicados danse nos seguintes códigos:

- 2910 - Fabricación de vehículos de motor
- 2932 - Fabricación de outros compoñentes, pezas e accesorios para vehículos de motor
- 1011 - Procesado e conservación de carne
- 1021 - Procesado de pescados, crustáceos e moluscos
- 1022 - Fabricación de conservas de pescado

A maior comunicación de partes dende o CNAE 29, está xustificada pola alta concentración destas actividades na provincia de Pontevedra.

En troques, as empresas do CNAE 10 teñen un número de persoas afiliadas moi similares en ambas provincias, pero a relación de partes comunicados dende a provincia de Pontevedra é 3,16 veces o da Coruña.

Na análise desagregada por sexo, a incidencia nos casos de accidentes de traballo é mais elevada nos homes que nas mulleres, en todos os sectores e na maioría das actividades económicas desagregadas.

Con todo, na análise da incidencia por enfermidade profesional, case pode dicirse o contrario. En case todos os sectores, excepto construción, e algúns anos en agricultura, os índices son máis elevados nas mulleres que nos homes. Alcanzando nalgúns anos (e actividades económicas) cocientes superiores a dúas veces o índice medio da actividade nese ano, como no caso do CNAE "23 - Industria doutros produtos minerais non metálicos".

Por sector de actividade, Servizos e Industria son os que máis volume de partes por AT e EP destas características acumulan. E o sector de Industria é o que ten uns datos de índice de Incidencia máis elevados, especialmente no caso das EP, e dentro destas, nos índices de incidencia das EP das mulleres.

A maioría dos accidentes de traballo relaciónanse coa manipulación de obxectos ou realizando transporte manual, afectando principalmente a lombo, a extremidades superiores ou a extremidades inferiores. Unha parte significativa dos aproximadamente 2.500 accidentes de traballo que ocorren de media o ano e afectan as extremidades inferiores (incluído os pes), relaciónanse coas condicións dos lugares ou con como se executa o desprazamento (movemento) por parte das persoas afectadas.

Coma a gran maioría destes danos están tipificados coma leves, é importante que no proceso de investigación das causas queden claramente identificados aspectos coma os esforzos/pesos, posturas mantidas no momento da lesión, ritmos de traballo, ... coa finalidade de poder adoptar medidas que minimicen os factores de risco, e tamén unha axeitada comunicación dos partes coma accidente de traballo ou enfermidade profesional.

Os datos analizados, por volume e incidencia, continúan a situar as **actividades** de "Construción", "Industria da alimentación, bebidas e tabaco", "Metalurxia e fabricación de produtos metálicos", "Fabricación de material de transporte", "Transporte, almacenamento e comunicacións" e "Actividades administrativas e servizos auxiliares" entre as **prioritarias nas actuacións** anuais programadas polo Instituto.


5.

**ACCIDENTES DE
TRABALLO**

Accidentes de traballo con baixa, e codificados coma Forma de lesión: "Sobresforzo físico - sobre o sistema musculoesquelético", entre os anos 2018 e 2023

EN XORNADA DE TRABALLO POR SECTORES DE ACTIVIDADE


	Galicia. Accidentes laborais segundo o sector de actividade				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
Agricultura	1089	247	1345	80,97 %	18,36 %
Pesca	1303	236	1539	84,67 %	15,33 %
Industria	11738	2257	13995	83,87 %	16,13 %
Construción	8365	59	8424	99,30 %	0,70 %
Servizos	16457	13974	30251	54,40 %	46,19 %
TOTAL	38961	16593	55554	70,13 %	29,87 %



EN XORNADA DE TRABALLO POR PROVINCIAS

Galicia. Accidentes laborais segundo a provincia					
	Homes	Mulleres	Total	% Homes*	% Mulleres*
A Coruña	17355	7155	24510	31,24	12,88
Lugo	3435	1851	5286	6,18	3,33
Ourense	3882	1861	5743	6,99	3,35
Pontevedra	14289	5726	20015	25,72	10,31
TOTAL	38961	16593	55554	70,13	29,87

* Porcentaxe sobre o total



EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO A PARTE DO CORPO LESIONADA

	Galicia. Accidentes laborais segundo a parte do corpo lesionada				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes*	% Mulleres*
Extrem. sup.	7489	3402	10891	13,48	6,12
Cabeza	1	2	3	0	0
Cara	1	4	5	0	0,01
Cranio	6	1	7	0,01	0
Pescozo	1085	971	2056	1,95	1,75
Lombo	11521	4372	15893	20,74	7,87
Mans	3489	2664	6153	6,28	4,8
Les. múltiples	71	65	136	0,13	0,12
Ollos	5	5	10	0,01	0,01
Outras / sen espec.	0	0	0	0	0
Extrem. inf.	12384	3975	16359	22,29	7,16
Pés	1625	749	2374	2,93	1,35
Tórax	1284	383	1667	2,31	0,69
Total	38961	16593	55554	70,13	29,87

* Porcentaxe sobre o total




EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO A HORA DO TRABALLO

	Galicia. Accidentes laborais segundo a hora do traballo				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes*	% Mulleres*
Primeira	5647	3255	8902	10,16	5,86
Segunda	7350	3675	11025	13,23	6,62
Terceira	6437	2907	9344	11,59	5,23
Cuarta	5601	2237	7838	10,08	4,03
Quinta	4096	1555	5651	7,37	2,8
Sexta	3999	1225	5224	7,2	2,21
Sétima	3270	978	4248	5,89	1,76
Oitava	2058	580	2638	3,7	1,04
Novena	220	88	308	0,4	0,16
Décima	95	36	131	0,17	0,06
Décimo primeira	73	17	90	0,13	0,03
Décimo segunda	73	19	92	0,13	0,03
Mayor de duodécima	42	21	63	0,08	0,04
TOTAL	38961	16593	55554	70,13	29,87

* Porcentaxe sobre o total


Accidentes laborais segundo a hora do traballo



EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO DÍA DA SEMANA

	Galicia. Accidentes laborais segundo o día da semana				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes*	% Mulleres*
Luns	9619	3408	13027	17,31	6,13
Martes	7606	2998	10604	13,69	5,4
Mércores	7118	2809	9927	12,81	5,06
Xoves	6352	2591	8943	11,43	4,66
Venres	5849	2516	8365	10,53	4,53
Sábado	1525	1372	2897	2,75	2,47
Domingo	892	899	1791	1,61	1,62
TOTAL	38961	16593	55554	70,13	29,87


* Porcentaxe sobre o total



EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO IDADE

	Galicia. Accidentes laborais segundo a idade				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
Menor de 16 anos	1	1	2	0	0
De 16 a 19 anos	229	103	332	0,41	0,19
De 20 a 24 anos	1678	679	2357	3,02	1,22
De 25 a 34 anos	7543	2951	10494	13,58	5,31
De 35 a 44 anos	13021	4978	17999	23,44	8,96
De 45 a 54 anos	11286	5215	16501	20,32	9,39
De 55 a 65 anos	5170	2644	7814	9,31	4,76
Maior de 65 anos	33	22	55	0,06	0,04
TOTAL	38961	16593	55554	70,13	29,87

* Porcentaxe sobre o total




EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO A ANTIGÜIDADE NO POSTO DE TRABALLO

	Galicia. Accidentes laborales segundo a antigüidade no posto				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes*	% Mulleres*
Menos de 3 meses	6086	3163	9249	10,96	5,69
De 3 meses a 6 meses	4274	1915	6189	7,69	3,45
De 6 meses a 1 ano	3743	1481	5224	6,74	2,67
De 1 ano a 3 anos	7255	2869	10124	13,06	5,16
Máis de 3 anos	17603	7165	24768	31,69	12,9
TOTAL	38961	16593	55554	70,13	29,87

* Porcentaxe sobre o total

Accidentes laborales por antigüidade no posto de traballo




EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO CATEGORÍA PROFESIONAL

	Galicia. Accidentes laborais segundo a categoría profesional*				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes**	% Mulleres**
Ocupacións militares	0	0	0	0	0
Directores e xerentes	151	57	208	0,27	0,1
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	342	762	1104	0,62	1,37
Técnicos; profesionais de apoio	1618	482	2100	2,91	0,87
Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina	374	395	769	0,67	0,71
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	3187	7837	11024	5,74	14,11
Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	1751	343	2094	3,15	0,62
Arteáns e traballadores cualificados das industrias manufactureras e a construción (excepto operadores de instalacións e maquinaria)	16108	1723	17831	29	3,1
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	6088	507	6595	10,96	0,91
Ocupacións elementais	9342	4487	13829	16,82	8,08
TOTAL	38961	16593	55554	70,13	29,87

* Codificación da Clasificación nacional de ocupacións (CNO) 2011

** Porcentaxe sobre o total

Accidentes laborais por categoría profesional



EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO A SECCIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

	Galicia. Accidentes laborais segundo a sección actividade económica*				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes**	% Mulleres**
A AGRICULTURA, GANDERÍA, SILVICULTURA E PESCA	2401	483	2884	4,32	0,87
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	235	9	244	0,42	0,02
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	10593	2119	12712	19,07	3,81
D SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	49	2	51	0,09	0
E SUBMINISTRO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	861	127	988	1,55	0,23
F CONSTRUCCIÓN	8365	59	8424	15,06	0,11
G COMERCIO O POR XUNTO E O POLO MIUDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	4799	2693	7492	8,64	4,85
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	3883	610	4493	6,99	1,1
I HOSTALERÍA	672	1096	1768	1,21	1,97
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	209	28	237	0,38	0,05
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	16	28	44	0,03	0,05
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	10	7	17	0,02	0,01
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	341	180	521	0,61	0,32
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	2728	1952	4680	4,91	3,51
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	1603	1154	2757	2,89	2,08
P EDUCACIÓN	165	348	513	0,3	0,63
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	941	5078	6019	1,69	9,14
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	739	258	997	1,33	0,46
S OUTROS SERVIZOS	344	255	599	0,62	0,46
T ACTIVIDADES DOS FOGARES: COMO EMPREGADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO E COMO PRODUTORES DE BENS E SERVIZOS PARA USO PROPIO	7	107	114	0,01	0,19
U ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓNS E ORGANISMOS EXTRATERRITORIAIS	0	0	0	0	0
TOTAL	38961	16593	55554	70,13	29,87

*Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) 2009

** Porcentaxe sobre o total

Destácanse en **vermello** a sección das actividades con maior número de accidentes, totais e por sexo

EN XORNADA DE TRABALLO SEGUNDO A DIVISIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

		Galicia. Accidentes laborais segundo a división actividade económica*				
		Homes	Mulleres	Total	% Homes**	% Mulleres**
1	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados	553	222	775	1	0,4
2	Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados coas mesmas	545	25	570	0,98	0,05
3	Pesca e acuicultura	1303	236	1539	2,35	0,42
5-9	Industrias extractivas	235	9	244	0,42	0,02
10-12	Industria da alimentación, bebidas e tabaco 10-12	1703	1238	2941	3,07	2,23
13-14	Industria téxtil e de confección	174	199	373	0,31	0,36
15	Industria do coiro e do calzado	15	5	20	0,03	0,01
16	Industria da madeira e do cortiza	903	96	999	1,63	0,17
17-18	Industria do papel; edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	179	39	218	0,32	0,07
19	Refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	11	4	15	0,02	0,01
20	Industria química	116	10	126	0,21	0,02
21	Fabricación de produtos farmacéuticos	10	11	21	0,02	0,02
22	Industria da transformación do caucho e materias plásticas	311	48	359	0,56	0,09
23	Industria doutros produtos minerais non metálicos	857	142	999	1,54	0,26
24-25	Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	2536	103	2639	4,56	0,19
26-27	Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	119	8	127	0,21	0,01
28	Fabricación de maquinaria e equipo n.c.o.p.	429	18	447	0,77	0,03
29-30	Fabricación de material de transporte	1799	160	1959	3,24	0,29
31-32	Industrias manufactureiras diversas	411	21	432	0,74	0,04
33	Reparación e instalación de maquinaria e equipo	1020	17	1037	1,84	0,03
35	Fornezo de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	49	2	51	0,09	0
36-39	Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	861	127	988	1,55	0,23
41-43	Construción	8365	59	8424	15,06	0,11
45-47	Comercio; reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	4799	2693	7492	8,64	4,85
49-53	Transporte, almacenamento e comunicacións	3883	610	4493	6,99	1,1

		Galicia. Accidentes laborais segundo a división actividade económica*				
		Homes	Mulleres	Total	% Homes**	% Mulleres**
55-56	Hostalería	672	1096	1768	1,21	1,97
58-63	Información e comunicacións	209	28	237	0,38	0,05
64-66	Intermediación financeira	16	28	44	0,03	0,05
68	Actividades inmobiliarias	10	7	17	0,02	0,01
69-75	Actividades profesionais, científicas e técnicas	341	180	521	0,61	0,32
77-82	Actividades administrativas e servizos auxiliares	2728	1952	4680	4,91	3,51
84	Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	1603	1154	2757	2,89	2,08
85	Educación	165	348	513	0,3	0,63
86-88	Actividades sanitarias e veterinarias, servizo social	941	5078	6019	1,69	9,14
90-93	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	739	258	997	1,33	0,46
94-96	Outros servizos	344	255	599	0,62	0,46
97-98	Actividades dos fogares como empregadores; produtores de bens e servizos para uso propio	7	107	114	0,01	0,19
TOTAL		38961	16593	55554	70,13	29,87

*Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) 2009

** Porcentaxe sobre o total

Destácanse en **vermello** a sección das actividades con maior número de accidentes, totais e por sexo

A CORUÑA. SEGUNDO A SECCIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

A Coruña. Accidentes laborais segundo a sección da actividade económica*					
	Homes	Mulleres	Total	% Homes**	% Mulleres**
A AGRICULTURA, GANDERÍA, SILVICULTURA E PESCA	897	147	1044	3,66	0,6
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	20	0	20	0,08	0
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	4084	854	4938	16,66	3,48
D SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	35	2	37	0,14	0,01
E SUBMINISTRO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	453	80	533	1,85	0,33
F CONSTRUCCIÓN	4140	29	4169	16,89	0,12
G COMERCIO POR XUNTO E O POLO MIÚDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	2222	1258	3480	9,07	5,13
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	2008	397	2405	8,19	1,62
I HOSTALERÍA	350	444	794	1,43	1,81
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	124	10	134	0,51	0,04
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	5	2	7	0,02	0,01
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	8	5	13	0,03	0,02
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	199	106	305	0,81	0,43
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	1339	805	2144	5,46	3,28
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	561	414	975	2,29	1,69
P EDUCACIÓN	73	157	230	0,3	0,64
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	382	2180	2562	1,56	8,89
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	314	104	418	1,28	0,42
S OUTROS SERVIZOS	135	119	254	0,55	0,49
T ACTIVIDADES DOS FOGARES: COMO EMPREGADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO E COMO PRODUTORES DE BENS E SERVIZOS PARA USO PROPIO	6	42	48	0,02	0,17
U ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓNS E ORGANISMOS EXTRATERRITORIAIS	0	0	0	0	0
TOTAL	17355	7155	24510	70,81	29,19

*Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) 2009

** Porcentaxe sobre o total

Destácanse en **vermello** a sección das actividades con maior número de accidentes, totais e por sexo

LUGO. SEGUNDO A SECCIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

	Lugo. Accidentes laborais segundo a sección da actividade económica*				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes**	% Mulleres**
A AGRICULTURA, GANDERÍA, SILVICULTURA E PESCA	406	71	477	7,68	1,34
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	40	2	42	0,76	0,04
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	752	138	890	14,23	2,61
D SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	3	0	3	0,06	0
E SUBMINISTRO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	57	8	65	1,08	0,15
F CONSTRUCCIÓN	694	2	696	13,13	0,04
G COMERCIO POR XUNTO E POLO MIUDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	527	217	744	9,97	4,11
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	250	16	266	4,73	0,3
I HOSTALERÍA	54	139	193	1,02	2,63
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	18	5	23	0,34	0,09
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	5	13	18	0,09	0,25
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	1	0	1	0,02	0
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	17	10	27	0,32	0,19
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	162	164	326	3,06	3,1
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	197	173	370	3,73	3,27
P EDUCACIÓN	14	17	31	0,26	0,32
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	134	796	930	2,53	15,06
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	86	48	134	1,63	0,91
S OUTROS SERVIZOS	18	21	39	0,34	0,4
T ACTIVIDADES DOS FOGARES: COMO EMPREGADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO E COMO PRODUTORES DE BENS E SERVIZOS PARA USO PROPIO	0	11	11	0	0,21
U ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓNS E ORGANISMOS EXTRATERRITORIAIS	0	0	0	0	0
TOTAL	3435	1851	5286	64,98	35,02

*Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) 2009

** Porcentaxe sobre o total

Destácanse en **vermello** a sección das actividades con maior número de accidentes, totais e por sexo

OURENSE. SEGUNDO A SECCIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

	Ourense. Accidentes laborais segundo a sección da actividade económica*				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes**	% Mulleres**
A AGRICULTURA, GANDERÍA, SILVICULTURA E PESCA	219	25	244	3,81	0,44
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	124	7	131	2,16	0,12
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	1311	291	1602	22,83	5,07
D SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	5	0	5	0,09	0
E SUBMINISTRO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	118	19	137	2,05	0,33
F CONSTRUCCIÓN	710	3	713	12,36	0,05
G COMERCIO POR XUNTO E POLO MIUDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	426	269	695	7,42	4,68
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	239	27	266	4,16	0,47
I HOSTALERÍA	46	94	140	0,8	1,64
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	21	2	23	0,37	0,03
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	2	3	5	0,03	0,05
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	0	0	0	0	0
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	15	12	27	0,26	0,21
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	185	103	288	3,22	1,79
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	240	187	427	4,18	3,26
P EDUCACIÓN	31	58	89	0,54	1,01
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	142	715	857	2,47	12,45
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	25	10	35	0,44	0,17
S OUTROS SERVIZOS	23	21	44	0,4	0,37
T ACTIVIDADES DOS FOGARES: COMO EMPREGADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO E COMO PRODUTORES DE BENS E SERVIZOS PARA USO PROPIO	0	15	15	0	0,26
U ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓNS E ORGANISMOS EXTRATERRITORIAIS	0	0	0	0	0
TOTAL	3882	1861	5743	67,6	32,4

*Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) 2009

** Porcentaxe sobre o total

Destácanse en **vermello** a sección das actividades con maior número de accidentes, totais e por sexo

PONTEVEDRA. SEGUNDO A SECCIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

	Pontevedra. Accidentes laborais segundo a sección da actividade económica*				
	Homes	Mulleres	Total	% Homes**	% Mulleres**
A AGRICULTURA, GANDERÍA, SILVICULTURA E PESCA	879	240	1119	4,39	1,2
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	51	0	51	0,25	0
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	4446	836	5282	22,21	4,18
D SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	6	0	6	0,03	0
E SUBMINISTRO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	233	20	253	1,16	0,1
F CONSTRUCCIÓN	2821	25	2846	14,09	0,12
G COMERCIO POR XUNTO E POLO MIUDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	1624	949	2573	8,11	4,74
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	1386	170	1556	6,92	0,85
I HOSTALERÍA	222	419	641	1,11	2,09
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	46	11	57	0,23	0,05
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	4	10	14	0,02	0,05
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	1	2	3	0	0,01
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	110	52	162	0,55	0,26
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	1042	880	1922	5,21	4,4
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	605	380	985	3,02	1,9
P EDUCACIÓN	47	116	163	0,23	0,58
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	283	1387	1670	1,41	6,93
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	314	96	410	1,57	0,48
S OUTROS SERVIZOS	168	94	262	0,84	0,47
T ACTIVIDADES DOS FOGARES: COMO EMPREGADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO E COMO PRODUTORES DE BENS E SERVIZOS PARA USO PROPIO	1	39	40	0	0,19
U ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓNS E ORGANISMOS EXTRATERRITORIAIS	0	0	0	0	0
TOTAL	14289	5726	20015	71,39	28,61

*Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) 2009

** Porcentaxe sobre o total

Destácanse en **vermello** a sección das actividades con maior número de accidentes, totais e por sexo

6.

**ENFERMIDADES
PROFESIONAIS**

ENFERMIDADES PROFESIONAIS

Enfermedades profesionales con baixa osteomioarticulares do Grupo 2: EP causadas por axentes físicos entre 2018 e 2023

Axentes:

- 2B. Enfermedades osteoarticulares ou anxioneuróticas provocadas polas vibracións mecánicas
- 2C. Das bolsas serosas debidas á presión, celulite subcutáneas
- 2D. Fatiga e inflamación de vainas tendinosas, tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas
- 2E. Arrancamento por fatiga da apófise espiñenta
- 2F. Parálise dos nervios debidos á presión
- 2G. Lesións do menisco por mecanismos de arranque e compresión asociadas, dando lugar a fisuras ou roturas completas

ENFERMIDADES PROFESIONAIS SEGUNDO O SEXO


Galicia. Enfermedades profesionales segundo o sexo		
	Nº EP	%
Homes	1862	51,32
Mulleres	1766	48,68
TOTAL	3628	100 %



POR PROVINCIA

Galicia. Enfermedades profesionales segundo a provincia				
	Homes	Mulleres	Total	% Total
A Coruña	548	542	1090	30,04 %
Lugo	129	117	246	6,78 %
Ourense	210	224	434	11,96 %
Pontevedra	975	883	1858	51,21 %
TOTAL	1862	1766	3628	100,00 %


Enfermedades profesionales con baixa por provincia



POR SECTORES DE ACTIVIDADE


Galicia. Enfermedades profesionales segundo o sector de actividade						
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres	% Total
Agricultura	35	16	51	68,63 %	31,37 %	1,41 %
Pesca	66	43	109	60,55 %	39,45 %	3,00 %
Industria	1007	688	1695	59,41 %	40,59 %	46,72 %
Construcción	321	8	329	97,57 %	2,43 %	9,07 %
Servizos	433	1011	1444	29,99 %	70,01 %	39,80 %
TOTAL	1862	1766	3628	51,32 %	48,68 %	100,00 %

Enfermedades profesionales con baixa por sectores de actividade




SEGUNDO OS ESTRATOS DE IDADE

Galicia. Enfermidades profesionais segundo a idade						
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres	% Total
Menores de 20	0	2	2	0,00 %	100,00 %	0,06 %
20-24	20	15	35	57,14 %	42,86 %	0,96 %
25-29	68	42	110	61,82 %	38,18 %	3,03 %
30-34	136	96	232	58,62 %	41,38 %	6,39 %
35-39	268	165	433	61,89 %	38,11 %	11,93 %
40-44	392	331	723	54,22 %	45,78 %	19,93 %
45-49	423	375	798	53,01 %	46,99 %	22,00 %
50-54	303	367	670	45,22 %	54,78 %	18,47 %
55-59	187	272	459	40,74 %	59,26 %	12,65 %
60-64	63	86	149	42,28 %	57,72 %	4,11 %
65 ou maior	2	15	17	11,76 %	88,24 %	0,47 %
TOTAL	1862	1766	3628	51,32 %	48,68 %	100,00 %



SEGUNDO O AXENTE DAS ENFERMIDADES PROFESIONAIS E SEXO


	Galicia. Enfermidades profesionais segundo o Axente					
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres	% Total
2B - Enfermidades osteoarticulares ou anxineuróticas provocadas polas vibracións mecánicas	33	22	55	60,00 %	40,00 %	1,52 %
2C - Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo: enfermidades das bolsas serosas debidas á presión, celulite subcutáneas	46	2	48	95,83 %	4,17 %	1,32 %
2D - Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo: enfermidades por fatiga e inflamación das vainas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas	1409	1088	2497	56,43 %	43,57 %	68,83 %
2E - Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo: arranque por fatiga das apófise espiñenta	4	3	7	57,14 %	42,86 %	0,19 %
2F - Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo: parálise dos nervios debidos á presión	355	650	1005	35,32 %	64,68 %	27,70 %
2G - Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo: lesións do menisco por mecanismos de arranque e compresión asociadas, dando lugar a fisuras ou roturas completas	15	1	16	93,75 %	6,25 %	0,44 %
TOTAL	1862	1766	3628	51,32 %	48,68 %	100,00 %



SEGUNDO O SUBAXENTE DAS ENFERMIDADES PROFESIONAIS E SEXO


	Galicia. Enfermidades profesionais segundo o Subaxente					
	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres	% Total
2B02 - Afectación osteoarticular	33	22	55	60,00 %	40,00 %	1,52 %
2C01 - Bursite crónica das sinoviais ó dos tecidos subcutáneos das zonas de apoio dos xeonllos	38		38	100,00 %	0,00 %	1,05 %
2C02 - Bursite glútea, retrocalcánea, e da apófisis espiñenta de C7 e subacromiodeltoideas	2		2	100,00 %	0,00 %	0,06 %
2C03 - Bursite da fascia anterior da coxa	1		1	100,00 %	0,00 %	0,03 %
2C06 - Higroma crónico do cóbado	5	2	7	71,43 %	28,57 %	0,19 %
2D01 - Ombreiro: patoloxía tendinosa crónica de maguito dos rotadores	167	166	333	50,15 %	49,85 %	9,18 %
2D02 - Cóbado e Antebrazo: epicondilite e epitrocleite	988	511	1499	65,91 %	34,09 %	41,32 %
2D03 - Pulso e man: tendinite do abdutor longo e extensor curto do polgar (T. De Quervain), tenosinovite estenosante dixital (dedo en resorte), tenosinovite do extensor longo do primeiro dedo	254	411	665	38,20 %	61,80 %	18,33 %
2E01 - Arrancamento por fatiga das apófise espiñenta	4	3	7	57,14 %	42,86 %	0,19 %
2F01 - Síndrome da canle epitrocleo-olecraniano por compresión do nervio cubital no cóbado	24	7	31	77,42 %	22,58 %	0,85 %
2F02 - Síndrome do túnel carpiano por compresión do nervio mediano no pulso	325	632	957	33,96 %	66,04 %	26,38 %
2F03 - Síndrome da canle de Guyon por compresión do nervio cubital no pulso	3	8	11	27,27 %	72,73 %	0,30 %
2F05 - Parálise dos nervios do serrato maior, angular, romboides, circunflexo	1	2	3	33,33 %	66,67 %	0,08 %
2F06 - Parálise do nervio radial por compresión do mesmo	2	1	3	66,67 %	33,33 %	0,08 %
2G01 - Lesións do menisco por mecanismos de arranque e compresión asociadas, dando lugar a fisuras ou roturas completas	15	1	16	93,75 %	6,25 %	0,44 %
TOTAL	1862	1766	3628	51,32 %	48,68 %	100,00 %

Enfermidades profesionais con baixa por subaxente



SEGUNDO O AXENTE DAS ENFERMIDADES PROFESIONAIS, PROVINCIA E SEXO


	Galicia. Enfermidades profesionais segundo o Axente e a Provincia							
	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2B - Enfermidades osteoarticulares ou anxioneuróticas provocadas polas vibracións mecánicas	9	2	3		1	2	20	18
2C - Enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo: enfermidades das bolsas serosas debidas á presión, celulite subcutáneas	22		1		4	1	19	1
